



ACTA DA MESA RELATIVA AO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO POR POXA PÚBLICA, DE DIVERSOS BENS INMOBLES, DE TITULARIDADE AUTONÓMICA SITUADOS NOS CONCELLOS DAS PONTES, A CORUÑA E NEDA

PRESIDENTE:

DON PABLO VIAÑO LORENZO
SUBDIRECTOR XERAL DO PATRIMONIO

No salón de actos da Delegación da Axencia Tributaria de Galicia na Coruña, sendo ás 11:00 horas do día 14 de xuño de 2023.

A SECRETARIA:

DONA EVA LORENZO QUEIRO
XEFA DO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN
E XESTIÓN PATRIMONIAL

Reunidas as persoas que á marxe se relacionan, proceden neste acto a dar execución material ao previsto no artigo 69 do decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

VOGAIS:

DON MIGUEL PÉREZ MÁIZ
LETRADO DO GABINETE XURÍDICO
TERRITORIAL DA CORUÑA

DON LUIS MANUEL VÁZQUEZ
CARUNCHO INTERVENTOR
TERRITORIAL DA CORUÑA

1º.- Procédese á constitución da Mesa perante a cal vai a ter lugar o procedemento de alleamento, mediante poxa pública dos bens inmobles patrimoniais da Comunidade Autónoma de Galicia que se describen a continuación, dos que foi acordado o seu alleamento mediante as Ordes da Consellería de Facenda e Administración Pública do 30/09/2021, 08/02/2023 e 13/04/2023.

2º.- A secretaria da mesa da conta ao resto de membros da mesa da correcta emenda realizada por Sergio Pico Romero en relación coa súa licitación en sobre pechado para o lote nº 3 en terceira poxa, admitíndose á licitación.

2º.- A continuación declárase aberta a poxa dos seguintes lotes:

Lote 1º.- Conxunto de dous locais comerciais situados no concello da Coruña:

Inmobe nº 1: local na avenida de Fisterra, 233, baixo:

Urbano. Número 3. Local sinalado co número 1 dos existentes na planta baixa da edificación en construción con fachada ás rúas avenida de Fisterra, Antonio Carballo e Tornos, sen número de policía, desta cidade. É un local destinado a usos comerciais ou industriais, sito en parte de dita planta baixa que ten a súa fachada e acceso directo e independente pola avenida de Fisterra, e ocupa a superficie útil aproximada de sesenta e tres metros e setenta decímetros cadrados e linda, tomando como referencia a súa





fachada á avenida de Fisterra: fronte, dita rúa; dereita entrando, o local número 2 desta mesma planta; costas, patio da mazá deste inmovible; e esquerda, portal e cañón da escaleira de acceso ás plantas altas do corpo da esquerda con relación á Avenida de Fisterra.

Inscrita no Rexistro da Propiedade da Coruña núm. 1 como finca 68.480, libro 1.152, folio 200.

Referencia catastral 7210301NJ4071S0149PQ.

Inmovible nº 2: local na rúa Tornos, 14:

Urbano: Número 12. Local sinalado co número 10 dos existentes na planta baixa do edificio sen número con fachada á avenida de Fisterra e ás rúas Antonio Carballo e Tornos desta cidade. Se destina a usos comerciais, e ocupa a superficie útil aproximada de oitenta e nove metros e vinte decímetros cadrados. Linda, tomando como referencia a súa fachada á rúa Tornos: fronte, dita rúa, e interiormente, cañón de acceso ás plantas altas do corpo da dereita da rúa Tornos; dereita entrando, portal e cañón de escaleira de acceso ás plantas altas de dito corpo da dereita e casa número 231 da Avenida de Fisterra; e costas, patio de mazá; e esquerda, local nº 11 da división desta planta.

Inscrito no Rexistro da Propiedade da Coruña núm. 1 como finca 68.498, libro 2640 e folio 101. Referencia catastral 7210301NJ4071S0081RK.

Tipo de licitación, primeira poxa: 170.382,64 €

Tipo de licitación, segunda poxa: 144.825,24 €

Tipo de licitación, terceira poxa: 119.267,85 €

Lote 2º.- Inmovible situado no concello das Pontes de García Rodríguez:

Terreo de 529 m² de superficie, que contén unha edificación duns 106 m², situada a carón da estrada autonómica AC-142 As Pontes de García Rodríguez – O Piñeirál, no lugar de Saa do termo municipal das Pontes de García Rodríguez. Lindeiros: sur, estrada de titularidade autonómica (AC-142), tratada como zona de desconto e non dotada de referencia catastral propia; oeste, camiño público, con igual tratamento; norte e leste, finca de dona Francisca Couto Lage, con referencia catastral 8318002NJ8181N0001DA. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Narón ao tomo 2940, libro 203, folio 129, como predio 19224. Referencia catastral: 8318001NJ8181N0001RA.

Tipo de licitación, primeira poxa: 24.426,74 €

Tipo de licitación, segunda poxa: 20.762,73 €

Tipo de licitación, terceira poxa: 17.098,72 €

Lote 3º.- Inmovible situado no concello de Neda:

Finca constituída por un terreo de 270 m² sobre o que se asentaba unha edificación que fora caseta de legoeiros xunto á estrada C-641 (hoxe AC-125 de Igrexafeita – Vista Alegre), no lugar de Cobeluda, no concello de Neda. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Narón como finca 8869, ao tomo 2.916, libro 116, folio 206. Lindeiros: Polos ventos norte e leste, Celsa Monteiro Meizoso; polo vento sur, Sergio Pico Romero; e polo oeste, estrada autonómica AC-125. Referencia catastral 15056A013001380000HQ.

Tipo de licitación, primeira poxa: 3.175,20 €

Tipo de licitación, segunda poxa: 2.698,92 €

Tipo de licitación, terceira poxa: 2.222,64 €

3º.- Lido o anuncio e as cláusulas máis salientables dos pregos de condicións que rexen o presente acto, acórdase, transcorrido o prazo prudencial ao que fai alusión a cláusula VI, apartado F dos citados pregos, proceder á apertura da licitación, comezando polo





primeiro lote e sucesivos. Nos lotes 1 e 2 non concorreu ningunha persoa licitadora en primeira, segunda nin en terceira poxa, polo que se declarou deserto o procedemento de licitación deses lotes.

4º.- No lote nº 3 faise advertencia da existencia dunha oferta por escrito para a terceira poxa. A persoa que presentou a citada oferta por escrito, don Sergio Pico Romero, atópase na sala na que se celebra o acto de poxa pública. Unha vez declaradas desertas a primeira e segunda poxa deste lote, procédese a apertura do sobre B no que consta a oferta presentada por don Sergio Pico Romero por importe de 2 223€.

Don Sergio Pico Romero ratifícase na oferta presentada e, toda vez que non hai ningunha oferta maior, resulta adxudicatario do lote número 3.

No expediente consta un resgardo de consignación na Caixa Xeral de Depósitos efectuado por don Sergio Pico Romero, en concepto de fianza, por importe de 650 euros.

Advírteselle ao adxudicatario que o importe que resta por aboar ascende á contía de 1 573 €. Á citada contía debe engadírselle o custo dos anuncios publicados no xornal La Voz de Galicia (edicións Ferrol e A Coruña) o día 02/05/2023, por importe de 123,94 €. Xa que logo, a contía total que resta por pagar ao adxudicatario, incluídos os gastos dos anuncios no xornal La Voz de Galicia, é de 1 696,94 €.

4º.- Finalizada a poxa, dáse por pechado o acto sendo ás 12:00 horas, o que en proba de conformidade, asinan os comparecentes no lugar e data expresado no encabezamento desta acta.

O PRESIDENTE DA MESA

VOGAIS

Pablo Viaño Lorenzo

Luis Manuel Vázquez Caruncho

A SECRETARIA

Eva Lorenzo Queiro

Miguel Pérez Máiz

